



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA CON DATA 17.10.2018 RELATIVA AO CONTRATO DE PAVIMENTACIÓN CAMIÑO EN LIMERES E MELLORA E PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS: ACCESO A POTABILIZADORA DE CERDEDO E OUTROS

Con data do 17.10.2018, cando son as 09:00 horas, reúnen-se na sala de concelleiros da Casa Consistorial do Concello de Cerdedo-Cotobade, os membros da mesa de contratación correspondente ao contrato de obra **“PAVIMENTACIÓN CAMIÑO EN LIMERES E MELLORA E PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS: ACCESO A POTABILIZADORA DE CERDEDO E OUTROS”** coa composición establecida no prego de cláusulas administrativas que reñen o contrato e na resolución de inicio do expediente, estando presente como Presidente, D^a Galiza Aguete Dorrio en substitución de D. Jorge Cubela López, Presidente do Concello de Cerdedo-Cotobade, e como vogais: D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, Secretario do Concello de Cerdedo-Cotobade, D^a Sonia David Cortegoso, Interventora do Concello de Cerdedo-Cotobade, D^a Ana Dolores Jorge Simal, funcionaria do Concello, D^a María de los Ángeles Torres Vázquez (asiste ata as 9:45 horas), en substitución de D^a María Regina Sobral Fraguas, vogal do Concello do PsdG-PSOE, e D Jeanett López Fernández que actúa na súa calidade de Secretaria da Mesa de Contratación.

Dáse conta das ofertas presentadas no Rexistro do Concello de Cerdedo-Cotobade (Chan 11, Carballedo) dentro do prazo establecido no artigo 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (Ata o 16.10.2018 ás 14:00 horas) e procédese a súa apertura co seguinte resultado:

Lote 1 Pavimentación Limeres

EMPRESA	PREZO	GARANTIA	PAZO
NAROM	49.252,80 €	3	2,50
ASFALGAL	52.034,87 €	2	4,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA	57.964,09 €	3	6,00
MARCONSA	60.331,66 €	3	1,00
TABOADA Y RAMOS SL	48.264,48 €	3	1,00
COVSA	53.155,25 €	3	1,00
CONSTRUCCIONES PEREZ	45.853,88 €	3	1,00
NEXIA INFRAESTRUCTURAS	46.401,48 €	3	1,00
CALDEVERGAZO SL	59.000,00 €	3	1,00
E.C.CASAS SL	54.697,35 €	3	1,00
COVIASSTEC SL	54.995,47 €	3	3,00

Lote 2 Acceso Potabilizadora



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



EMPRESA	PREZO	GARANTIA	PRAZO
NAROM	38.773,47 €	3	2,50
ASFALGAL	42.733,01 €	2	4,00
MARCONSA	48.400,41 €	3	1,00
TABOADA Y RAMOS SL	43.891,54 €	3	1,00
COVSA	48.067,53 €	3	1,00
CONSTRUCCIONES PEREZ	37.656,94 €	3	1,00
NEXIA INFRAESTRUCTURAS	37.910,23 €	3	1,00
CALDEVERGAZO SL	49.000,00 €	3	1,00
E.C.CASAS SL	45.488,14 €	3	1,00
COVIASSTEC SL	51.046,71 €	3	3,00

A empresa FIMASI SL, presenta unha oferta que non se axusta ao sinalado no prego tanto na forma como no fondo, sen establecer os lotes aos que se presenta, polo que a Mesa resolve a súa exclusión da licitación de acordo co artigo 84 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro polo que se apoba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas que determina que *“Si alguna proposición no guardase concordancia con la documentación examinada y admitida, excediese del presupuesto base de licitación, variara sustancialmente el modelo establecido, o comportase error manifiesto en el importe de la proposición, o existiese reconocimiento por parte del licitador de que adolece de error o inconsistencia que la hagan inviable, será desechada por la mesa, en resolución motivada”*.

As empresas Obras y Saneamientos Galicia S.L. e Caldevergazo S.L. non sinalan o nome e apelidos do persoal responsable de executar a prestación obxecto do contrato, cuestión que deberán subsanar no caso de resultar propostas adxudicatarias.

A empresa Obras y Saneamientos Galicia SL preséntase ao Lote 1 e omite o prazo de execución deste lote co cal se lle ten en conta o prazo de execución do proxecto (6 meses).



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



Visto que as ofertas presentadas pola empresa Construcciones Pérez S.L.; no lote 1, e Construcciones Pérez S.L. e Nexia Infraestruturas no Lote 2 poden ser consideradas desproporcionadas ou anormais a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, emite á seguinte proposta de acordo,

“Visto que as ofertas das empresas Construcciones Pérez S.L.; no lote 1, e Construcciones Pérez S.L. e Nexia Infraestruturas no Lote 2 poden ser consideradas desproporcionadas ou anormais de conformidade co disposto no artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público que establece que:

“4. Cando a mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación identifícase unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidade, deberá requirir ao licitador ou licitadores que as presentaron dándolles prazo suficiente para que xustifiquen e desagreguen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definiu a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos.

A petición de información que a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación dirixa ao licitador deberá formularse con claridade de maneira que estes estean en condicións de xustificar plena e oportunamente a viabilidade da oferta.

Concretamente, a mesa de contratación ou no seu defecto o órgano de contratación poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire a os seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.*
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras,*
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.*
- d) O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.*
- e) Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.”*

Visto o artigo 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que establece que,

“Consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

Prezo

(...)

4.Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.”



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



LOTE 2. ACCESO POTABILIZADORA					
		Tipo	51.691,07 €		
Primerio Cálculo					
	EMPRESA	oferta	baixa	% baixa	
1	NAROM	38.773,47 €	- 5.523,33 €	-12,47 %	
2	ASFALGAL	42.733,01 €	- 1.563,79 €	-3,53 %	
3	MARCONSA	48.400,41 €	4.103,61 €	9,26 %	
4	TABOADA Y RAMOS SL	43.891,54 €	- 405,26 €	-0,91 %	
5	COVSA	48.067,53 €	3.770,73 €	8,51 %	
6	CONSTRUCCIONES PEREZ	37.656,94 €	- 6.639,86 €	-14,99 %	
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS	37.910,23 €	- 6.386,57 €	-14,42 %	
8	CALDEVERGAZO SL	49.000,00 €	4.703,20 €	10,62 %	exceden mais do10% media
9	E.C.CASAS SL	45.488,14 €	1.191,34 €	2,69 %	
10	COVIASSTEC SL	51.046,71 €	6.749,91 €	15,24 %	exceden mais do10% media
12					
		442.967,98 €			
	MEDIA ARITMETICA DAS OFERTAS CALCULO SEGUNDO ARTICULO 85.4 REGULAMENTO CONTRATOS	44.296,80 €			
Segundo cálculo					
	EMPRESA	oferta	baixa	% baixa	
	NAROM	38.773,47 €	- 4.091,69 €	-9,55 %	
	ASFALGAL	42.733,01 €	- 132,15 €	-0,31 %	
	MARCONSA	48.400,41 €	5.535,25 €	12,91 %	
	TABOADA Y RAMOS SL	43.891,54 €	1.026,38 €	2,39 %	
	COVSA	48.067,53 €	5.202,37 €	12,14 %	
	CONSTRUCCIONES PEREZ	37.656,94 €	- 5.208,22 €	-12,15 %	
	NEXIA INFRAESTRUCTURAS	37.910,23 €	- 4.954,93 €	-11,56 %	
	CALDEVERGAZO SL				
	E.C.CASAS SL	45.488,14 €	2.622,98 €	6,12 %	
	COVIASSTEC SL				
		342.921,27 €			
	MEDIA ARITMETICA DAS OFERTAS CALCULO SEGUNDO ARTICULO 85.4 REGULAMENTO CONTRATOS	42.865,16 €			

En cumprimento do disposto no artigo 15 do prego de cláusulas administrativas procederá outorgar audiencia ás empresas Construcciones Pérez S.L.; no lote 1, e Construcciones Pérez S.L. e Nexia Infraestructuras no Lote 2 incursas en presunción de temeridade para que, dentro



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



do prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á recepción da correspondente comunicación, xustifiquen e desglosen razonada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custos susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou custos da mesma e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

a)O aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción.

b)As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

c)A innovación e orixinalidade das solucións propostas, para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.

d)O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP.

e)Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.”

Sen outro asunto que tratar a Mesa levanta a súa sesión ás 10:00 horas.

Cerdedo-Cotobade

A Secretaria da Mesa

Jeanett López Fernández